En relación coa pregunta con resposta escrita **número 20090**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co tratamento informativo dado nos medios de comunicación públicos de Galicia aos casos de falsidade documental e corrupción”**, (publicada no BOPG número 215 do 22 de novembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Medios**, que ten o seguinte contido:

“A Corporación Radio e Televisión de Galicia é unha entidade con personalidade xurídica propia, autónoma na súa xestión e independente no seu funcionamento respecto da Xunta de Galicia. Así o establecen a Lei dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia e o Mandato marco, aprobados ambos polo Parlamento galego.

Polo tanto, axustándose ao establecido legalmente, a Xunta de Galicia non se pronuncia ao respecto de calquera cuestión ou aspecto relacionados co labor dos seus directivos e profesionais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24689
Data envío: 31/01/2018 14:53:04.563

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:53:00



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 20955**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre **“a avaliación do Goberno galego en relación co inicio da actividade do Centro de Saúde do Couto na cidade de Ourense, os protocolos desenvolvidos pola Consellería de Sanidade para a reorganización da atención sanitaria e as medidas adoptadas ou previstas diante da problemática xerada con motivo da súa apertura, así como os datos referidos ao cadro de persoal e número de tarxetas adscritas ao centro”**, (publicada no BOPG número 224 do 7 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro de Saúde do Couto comezou a súa actividade o 20 de novembro de 2017, con normalidade e sen incidencias grazas á planificación previa con reforzos das áreas administrativas en ambos centros de saúde, tanto no Nóvoa Santos como no do Couto.

Informouse a poboación a través dos medios de comunicación da súa apertura e tamén enviáronse cartas persoais a cada un dos usuarios cuxo médico se trasladaba do Centro de Saúde Nóvoa Santos ao Centro de Saúde do Couto para que exercesen o seu dereito á libre elección de facultativo e centro de saúde, nos casos nos que non lle conviñese o cambio de centro.

Con data 11 de novembro de 2017 a poboación adscrita ao Centro de Saúde Nóvoa Santos, con datos de tarxeta sanitaria, era de 31.697 e a 12 de xaneiro de 2018 a poboación adscrita segundo tarxeta é de 24.246 TIS.

O cadro de persoal previo no CS Nóvoa Santos era de 20 médicos, 4 pediatras, 22 enfermeiras, 1 odontólogo, 1 hixienista, 1 farmacéutico, 2 traballadores sociais, 1 auxiliar, 3 matronas e 10 Psx e trala apertura do CS do Couto a dotación de médicos no CS Nóvoa Santos, no momento actual, é de 15 médicos de familia, 3 pediatras, 16 enfermeiras, 8 psx e no resto das categorías profesionais mantense a mesma dotación.

No CS do Couto hai 5 médicos de familia, 5 enfermeiras, 1 pediatra, 1 enfermeira de pediatra, 2 administrativas en quenda de mañá e 1 administrativo en quenda de tarde. O número de tarxetas sanitarias a 12 de xaneiro de 2018 é de 7.414 TIS.

O número de pediatras do CS Nóvoa Santos previo a apertura do CS do Couto era de 4 e na actualidade é de 3. O número de pediatras do Centro de Saúde de O Couto é de 1.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:30
Nº Rexistro: 24342
Data envío: 30/01/2018 09:18:05.897

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:17:38



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24650
Data envío: 31/01/2018 12:59:57.598

Data 31/01/2018 12:59

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 21523**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dun mapa global das enfermidades profesionais e riscos laborais ou, se é o caso, as actuacións que vai levar a cabo para ese fin, as medidas que vai adoptar en relación cos datos do ISSGA referidos a un repunte e unha modificación do patrón de incidencia no ano 2016, en particular, na provincia de Ourense, así como as súas intencións referidas á apertura dunha unidade de asbestose para o sur de Galicia e a dotación a este tipo de unidades para atender outros casos de pneumoconioses”**, (publicada no BOPG número 230 do 20 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde planifica a actividade asistencial co obxectivo de dar resposta ás necesidades dos pacientes que, nestes casos son cambiantes e dependen en grande medida do número de cidadáns que se incorporan ao programa. As persoas que se incorporan ao programa son persoas xubiladas, dado que durante a vida laboral non é o servizo público sanitario o responsable da súa asistencia. A incorporacion de pacientes ao programa desde atención primaria está protocolizada, e polo que se especifican as probas que se deben realizar.

Cando a demanda o require se incrementa a oferta de consultas de pneumoloxía, así como das probas complementarias máis complexas para dar unha resposta áxil.

O seguimento dos casos leves asintomáticos son asumidos polo médico de atención primaria, segundo o protocolo establecido.

Mantéñense as reunións periódicas de seguimento do programa coa asociación AGAVIDA e as organizacións sindicais. Nelas realízase unha avaliación do programa que é ben valorado polos mesmos.

Na EOXI de Ferrol está vixente desde o ano 2010 un protocolo elaborado polo servizo de pneumoloxía e presentado na Comisión de seguimento de traballadores con posible exposición ao amianto no que se especifican de xeito claro os fluxos para derivar aos pacientes con sospeita de exposición ao asbesto desde atención primaria á pneumoloxía, así como o seguimento daqueles casos leves polo seu médico de cabeceira.

Na actualidade se está a actualizar o protocolo tendo en conta o documento número 72 de Normativa SEPAR: *‘Recomendaciones sobre el diagnóstico y el manejo de la patología pleural y pulmonar por asbesto’*. Este documento foi coordinado a nivel nacional pola responsable do Servizo de Pneumoloxía do CHUF (Complejo Hospitalario Universitario de Ferrol) e presentado nun acto público en Ferrol promovido por AGAVIDA e que contou ca presenza da Xerencia da EOXI de Ferrol.

Segundo os datos do Ministerio de Empleo y Seguridad Social, a prevalencia da asbestose recoñecida como enfermidade profesional entre os anos 1990-2010 nas provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra é nula. Destaca a provincia da Coruña na que están declarados 86 casos como enfermidade profesional. O maior volume destes casos produciuse na comarca de Ferrol ligada ao traballo no naval.

Os datos dos que dispoñemos actualmente confirman esta información, unha vez que na área de Vigo son seguidos en consultas de pneumoloxía no HAC aproximadamente 30 pacientes. A incidencia desta patoloxía na comarca de Vigo é comparable ao resto de España.

En cada área sanitaria xa se dispón de un protocolo de diagnóstico e seguimento das enfermidades pulmonares en relación coa exposición ao amianto e asbesto, e nestes momentos estamos a traballar na definición dun protocolo de atención único para toda Galicia.

Polo tanto desde o Servizo Galego de Saúde, consideramos que o actual modelo de atención á exposición ao asbesto e amianto en Galicia cumpre co nivel de calidade necesario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24650
Data envío: 31/01/2018 12:59:57.598

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 12:59:51



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24648
Data envío: 31/01/2018 12:59:45.582

Data 31/01/2018 12:59

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta escrita **número 21722**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o procedemento para a provisión da praza de director/a-xerente da empresa pública Galaria”**, (publicada no BOPG número 234 do 29 de decembro de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 17.01.2018- polo xerente do Sergas ao darlle resposta á pregunta 21721 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/a deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 12:59
Nº Rexistro: 24648
Data envío: 31/01/2018 12:59:45.582

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 12:59:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 12776**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo **“o compromiso do Goberno galego para demandar ao Goberno do Estado a inclusión das asociación ecoloxistas e das ONG ambientais dentro dos suxeitos con dereito á xustiza gratuita”**, (publicada no BOPG número 156 do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 22 de setembro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 12777, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:46
Nº Rexistro: 24372
Data envío: 30/01/2018 09:46:17.142

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:46:12



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24712
Data envío: 31/01/2018 14:56:57.065

Data 31/01/2018 14:56

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 12890**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María de la Concepción Burgo López e outros/as deputados/as máis, sobre **“a situación do Rexistro Galego do Infarto Agudo de Miocardio”**, (publicada no BOPG número 156, do 2 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 5ª do 13.12.2017- ao darlle resposta á pregunta 12891 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24712
Data envío: 31/01/2018 14:56:57.065

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:56:52



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13077**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don José Alberto Pazos Couñago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións do Goberno galego destinadas a impulsar a participación de Galicia nos asuntos europeos”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 3 de outubro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 13082, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:01
Nº Rexistro: 24664
Data envío: 31/01/2018 13:01:50.130

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 13:01:45



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

RS/kd

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13157**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Isabel Novo Fariña e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os investimentos e desenvolvemento dos proxectos innovadores da automoción de Galicia por parte da Business Factory Auto”**, (publicada no BOPG número 159 do 07 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta número 6516, de igual contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 171, do 7 de setembro de 2017, á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25034
Data envío: 02/02/2018 14:22:40.606

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/02/2018 14:22:35



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13174**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros/as deputados/as do mesmo grupo **“a data prevista para contar cun proxecto de habilitación do edificio do antigo centro de saúde de Tui co fin de reubicar nunha sede única os tres xulgados de primeira instancia e instrucción, así como a data aproximada para a licitación da obra”**, (publicada no BOPG número 159 do 7 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 22 de setembro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 13173, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24370
Data envío: 30/01/2018 09:45:53.080

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:45:48



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13179**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado del Río e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o convenio de colaboración asinado pola Xunta de Galicia, o Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia e a Asociación española de auditores socio-laboráis para a prevención de detección da violencia de xénero no entorno veciñal”**, (publicada no BOPG número 159 do 7 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Co obxectivo de seguir implicando á toda a sociedade na loita contra a violencia de xénero e no apoio ás vítimas, a Xunta de Galicia vén impulsando, entre outras medidas, a prevención e a detección de situacións de violencia de xénero nas comunidades veciñais.

Así, o 15 de febreiro de 2017 o Goberno galego asinou na Coruña un convenio de colaboración co Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia (COAFGA) e coa Asociación española de auditores socio-laborais (CEAL). No marco deste acordo, a Xunta de Galicia elaborou e distribuíu material informativo e de sensibilización a prol da eliminación da violencia contra as mulleres, un delito que en numerosas ocasións ocorre na intimidade dos fogares, polo que é preciso da colaboración de todos os axentes, entidades e persoas.

Nos 30.000 trípticos elaborados pola Xunta está dispoñible información sobre as posibles manifestacións da violencia de xénero, así como indicacións sobre que facer e a onde acudir no caso de precisar axuda.

Ademais da difusión deste material, a Xunta tamén puxo a disposición do COAFGA e do CEAL persoal técnico especializado para a coordinación de actuacións conxuntas e para a

elaboración de contidos para accións formativas sobre violencia de xénero, que permitiu aos membros de ambas organizacións ampliar o seu coñecemento xeral e sobre posibles pautas de actuación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:23
Nº Rexistro: 24235
Data envío: 26/01/2018 12:23:36.824

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:23:32



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13185**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está levando a cabo a Xunta de Galicia contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual na nosa Comunidade Autónoma”**, (publicada no BOPG número 159 do 7 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego vén mantendo un compromiso firme e prolongado no tempo a prol da erradicación da trata con fins de explotación sexual. Así, en xaneiro de 2010 Galicia foi pioneira na sinatura do Protocolo entre a Fiscalía Superior de Galicia e a Xunta de Galicia sobre a adopción de medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítimas de trata con fins de explotación sexual.

Na mesma liña, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero foi modificada en xullo do ano 2016 para, por unha banda, establecer como forma de violencia de xénero a definición de trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual coherente coa do Código penal e coa dos documentos internacionais e, por outra banda, garantir a incorporación das vítimas desta forma de violencia de xénero como beneficiarias da axuda periódica que ofrece a Xunta de Galicia, así como para establecer o prazo permanentemente aberto da solicitude dela. Tras estas modificacións o número de mulleres que percibiron axudas económicas periódicas aumentou no 2017 nun 28,7%.

Por outra banda, no labor do Goberno galego neste eido vén resultando fundamental a colaboración coas entidades que constitúen a Rede Galega contra a Trata, que contan, en moitos casos, cunha experiencia dilatada na asistencia ás vítimas no territorio.

Entre outras colaboracións, o Goberno galego apoia a través dunha orde de subvencións a estas entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de

atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia.

Outro exemplo de actuación en marcha actualmente e dirixido á Rede Galega contra a Trata é o Proxecto Europeo 'Draw the line' dirixido a mulleres inmigrantes para previr a violencia sexual e o acoso. O principal obxectivo desta iniciativa é formar a mulleres inmigrantes que viven en Galicia para axudar a entender e combater a violencia de xénero. Deste xeito, trabállase con elas para que se convertan en líderes das súas comunidades e poidan exercer así un efecto multiplicador á hora de sensibilizar e tomar conciencia sobre o acoso sexual e a violencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:23
Nº Rexistro: 24233
Data envío: 26/01/2018 12:23:17.027

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:23:10



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24710
Data envío: 31/01/2018 14:56:38.690

Data 31/01/2018 14:56

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13504**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración da Consellería de Sanidade do feito de que o concello de Cuntis permanecera sen atención sanitaria parte do día 31 de xullo”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O municipio de Cuntis durante o 31 de xullo tivo sempre atención sanitaria. É certo que entre as 8:00 hs e as 09:25 hs non houbo médico de presenza física no Centro de Saúde por circunstancias sobrevidas, pero o municipio tivo atención sanitaria, xa que se deron as correspondentes instrucións ao Centro de Saúde de Caldas para que no caso de producirse algunha urxencia se atendese no mesmo (isocrona 8-10 minutos aprox.). Tamén se informou ao 061 da situación, e no Centro de Saúde de Cuntis había persoal administrativo e de enfermería.

A atención sanitaria de Cuntis en ningún caso sufriu ningún abandono e as coberturas das ausencias de persoal no Centro de Saúde de Cuntis realízase con criterios exclusivamente técnicos. A formación e profesionalidade do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde garante unha adecuada atención sanitaria ás veciñas e veciños de Cuntis e as ausencias do persoal son sempre cubertas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24710
Data envío: 31/01/2018 14:56:38.690

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:56:34



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24709
Data envío: 31/01/2018 14:56:29.455

Data 31/01/2018 14:56

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13605**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**a valoración da Consellería de Sanidade en relación co feito de que o concello de Meaño non teña a atención dun pediatra como consecuencia da redución de servizos no verán**”, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No concello de **Sanxenxo** a poboación é de 14.551 TIS de adultos, que son atendidos en **xornada ordinaria** por 9 médicos de familia e 2.303 TIS de menores de 14 anos que son atendidos por 2 pediatras.

Estando a cubrir as ausencias cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, garantindo unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

No caso concreto da pediatría de Sanxenxo, produciuse unha xubilación dun titular no mes de xaneiro e, dada a ausencia de especialistas en pediatría nas listas, está cuberta cun especialista en medicina familiar e comunitaria, con preparación adecuada na súa especialidade, para atender á poboación infantil; a outra pediatra atópase en activo.

Consideramos, atendendo aos datos sinalados anteriormente, que o servizo no Centro de Saúde de Baltar é axeitado para as TIS que temos que atender.

En horario de **Atención continuada** os concellos de Sanxenxo e Meaño son atendidos no **PAC** situado en Baltar (concello de Sanxenxo) no que contan cunha plantilla de 5 médicos, 4 DUEs e 4 PSXs, con presenza de luns a venres de 1 médico, 1 DUE e 1 PSX en xornada de 15 a 8 h. e na fin de semana a tarde do sábado e a mañá e tarde do domingo 2 médicos.

Entendemos que a cobertura é axeitada para a poboación a atender.

A **actividade de Urgencias** é coordinada polo **061**, quen define, con criterios de carácter técnico, os medios con que debe dotar cada área; e que tamén reforza a súa dotación no período estival cunha ambulancia medicalizada.

As urxencias, que así o requiren son derivadas ao **Hospital Provincial ou a Montecelo**, situados a unha isócrona adecuada e dotados ambos dos medios materiais e humanos oportunos para dar unha resposta de calidade aos problemas sanitarios.

Ao tratarse dunha zona turística, refórzanse os servizos sanitarios, tanto en **Semana Santa como en verán** (de 1 de xullo a 15 de Setembro):

- Semana Santa: (xoves, venres, sábado e domingo): 1 médico de familia e 1 DUE a maiores do habitual.

- Verán: horario de mañá de luns a venres 2 MF e 1 DUE a maiores da plantilla
horario de tarde de luns a venres 1 MF e 1 DUE
sábados e domingos de 8 a 8h. 1 MF e 1DUE

A formación e profesionalidade do noso persoal sanitario é da mais alta calidade, e a análise da actividade de dita área reflicte que a dotación é a adecuada para poder garantir unha asistencia sanitaria de calidade, tanto en adultos coma na poboación infantil, para a poboación destes municipios como para a afluencia de turistas que os visitan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24709
Data envío: 31/01/2018 14:56:29.455

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:56:25



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:54
Nº Rexistro: 24599
Data envío: 31/01/2018 09:54:03.277

Data 31/01/2018 09:53

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13650**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“a cobertura das ausencias do persoal no Centro de Saúde de Cuntis”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O municipio de Cuntis durante o 31 de xullo tivo sempre atención sanitaria. É certo que entre as 8:00 hs e as 09:25 hs non houbo médico de presenza física no Centro de Saúde por circunstancias sobrevidas, pero o municipio tivo atención sanitaria, xa que se deron as correspondentes instrucións ao Centro de Saúde de Caldas para que no caso de producirse algunha urxencia se atendese no mesmo (isocrona 8-10 minutos aprox.). Tamén se informou ao 061 da situación, e no Centro de Saúde de Cuntis había persoal administrativo e de enfermería.

A atención sanitaria de Cuntis en ningún caso sufriu ningún abandono e as coberturas das ausencias de persoal no Centro de Saúde de Cuntis realízase con criterios exclusivamente técnicos. A formación e profesionalidade do persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde garante unha adecuada atención sanitaria ás veciñas e veciños de Cuntis e as ausencias do persoal son sempre cubertas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:54
Nº Rexistro: 24599
Data envío: 31/01/2018 09:54:03.277

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:53:56



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24708
Data envío: 31/01/2018 14:56:20.705

Data 31/01/2018 14:56

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13741**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a xestión da situación de desabastecemento de vacinas contra a meninxite B no último ano”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia non ten competencias sobre medicamentos e produtos farmacéuticos.

A Consellería de Sanidade realizou as xestións posibles ante o Ministerio de Sanidade, Servicios Sociales e Igualdad, e o laboratorio produtor da vacina para conseguir dose suficientes para cubrir a demanda.

Cómpre lembrar que os informes técnicos de Saúde Pública amosan que, neste momento, a incidencia da meninxite B en Galicia é a máis baixa da súa historia.

Por outra parte, a Consellería de Sanidade garante o subministro gratuíto da vacina contra a meninxite B ás persoas en risco e nas situacións nas que esté indicada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 950e2dd0-a310-d956-8166-ad58ef4e6f62

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24708
Data envío: 31/01/2018 14:56:20.705

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:56:16



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24707
Data envío: 31/01/2018 14:56:10.955

Data 31/01/2018 14:56

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13743**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a resposta ofrecida polo sistema público de saúde ante as situacións de interrupción voluntaria do embarazo”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Sergas ten como obxectivo garantir sempre a calidade asistencial na prestación dos servizos sanitarios cos medios ao seu alcance. No caso das interrupción voluntaria do embarazo (IVE), o Servizo Galego de Saúde establece os circuitos asistenciais que garanten o cumprimento da Lei de interrupción voluntaria do embarazo (LO 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo).

Este procedemento, como calquera outro da asistencia sanitaria do Sergas, está en constante proceso de revisión e avaliación para poder mellorar os servizo que se presta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24707
Data envío: 31/01/2018 14:56:10.955

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:56:06



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24706
Data envío: 31/01/2018 14:56:02.190

Data 31/01/2018 14:55

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13745**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**o consumo de bebidas alcohólicas en Galicia por parte da mocidade**”, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Sanidade a través da web do SERGAS e da plataforma E-Saúde se están a levar a cabo campañas informativas para a prevención do consumo de alcohol entre a mocidade, todas as campañas que permitan concienciar á mocidade dos perigos que conlevan para a saúde o consumo de alcohol así como doutras sustancias serán pasos importantes para poder erradicar este problema.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24706
Data envío: 31/01/2018 14:56:02.190

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:55:57



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24705
Data envío: 31/01/2018 14:55:52.705

Data 31/01/2018 14:55

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13747**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a previsión da Xunta de Galicia de realizar algún tipo de acción para reverter o efecto que ten sobre a poboación galega o Real Decreto 16/2012, de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“En Galicia deseñouse un instrumento, o Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública (PGPSSP), que, dende a entrada en vigor do RD 16/2012, permitiu seguir atendendo ás persoas que non reunían a condición de aseguradas, ou beneficiarias, e que non tiveran acceso ás prestacións sanitarias por outro medio.

A implantación do programa priorizou, en todo momento, a continuidade asistencial destas persoas, asegurando que quen o precisase puidera recibir a asistencia sanitaria que requirise.

Existen outros programas complementarios a este, o de atención aos menores estranxeiros en situación administrativa irregular que teñen acceso directo ao sistema sanitario público, de acordo co previsto no RD 16/2012; así como o programa de enfermidades transmisibles, polo que calquera inmigrante en situación irregular que non teña nin poida ter cobertura por outro medio, con sospeita dunha enfermidade infecciosa de declaración obrigatoria, ou sospeita dela, recibe atención sanitaria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24705
Data envío: 31/01/2018 14:55:52.705

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:55:48



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24704
Data envío: 31/01/2018 14:55:43.689

Data 31/01/2018 14:55

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13756**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**o nivel de atención da Xunta de Galicia aos enfemos de diabetes na Comunidade Autónoma**”, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde o Servizo Galego de Saúde se está a prestar o nivel de atención que requiren os enfermos de diabetes.

A enfermidade da diabetes estase a tratar desde diferentes eidos como son o da prevención (promovendo programas de promoción de estilos de vida saudables e publicando da web do Sergas distintas medidas preventivas), e o de formación (a través de programas de educación diabetolóxica a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns e tamén de 3 edicións do curso paciente competente en diabetes, dirixido a pacientes diabéticos e aos seus coidadores para formalos na autoxestión da súa enfermidade).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24704
Data envío: 31/01/2018 14:55:43.689

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:55:39



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:52
Nº Rexistro: 24592
Data envío: 31/01/2018 09:52:46.557

Data 31/01/2018 09:52

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13762**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“as razóns da redución de persoal médico nos Puntos de Atención Continuada de Ferrol, Narón, Pontedeume e Fene”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Na Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol existe un pacto interno de permisos -aplicable a todos os seus profesionais, independentemente da súa categoría- que establece os meses de vacacións en 3 (xullo, agosto e setembro), o que supón unha mellora para os profesionais respecto ó marco establecido globalmente, que era de 4 meses (xuño, xullo, agosto e setembro). Este feito fai que maioritariamente se concentre en só 3 meses o período regulamentario de goce vacacional.

A lista de contratación de facultativos de Atención Primaria na área Sanitaria de Ferrol é moi escasa, e durante o período estival todos os profesionais incluídos na mesma son chamados para a realización das coberturas necesarias cunha importante carga de traballo para todos eles. O mesmo ocorre coas horas dedicadas polos facultativos de Atención Primaria da EOXI que, de forma voluntaria, ofrécense para realizar actividades adicionais á súa xornada habitual.

Ante as múltiples eventualidades ocorridas no verán de 2017, (engadidas aos permisos vacacionais), e ante a imposibilidade de cobertura de situacións especialmente sensibles como a asistencia diaria en Centros de Saúde/Consultorios con un ou moi poucos profesionais, a Xerencia, tras a correspondente análise da demanda diaria existente en anos previos, optou por propoñer a redución das presencias de fins de semana de 1 facultativo en PACs onde hai tres (Ferrol e Narón), e outro en PACs onde hai 2 (Fene e Pontedeume), debido á ausencia de facultativos substitutos e á necesidade de situar aos profesionais dispoñibles en PACs e centros unipersoais que quedarían sen cobertura. A redución de presenzas nestes PACs só se mantivo durante 9 días puntuais e estudando previamente a demanda que se tivo en anos previos.

Continúa sendo un problema a escaseza de facultativos xa que todos os profesionais incluídos na lista están contratados durante todo o ano, polo que carecemos de substitutos dispoñibles, e a cobertura resulta moi dificultosa debido á elevada porcentaxe de baixas laborais, xunto á necesaria cobertura de vacacións.

Baseándonos en porcentaxes de anos previos, e facendo un estudo de asistencias, non é de todo certo que se duplique o número de asistencias no PAC existente nesta zona (Pontedeume), xa que nalgún caso, a porcentaxe de asistencias nestes PACs diminúe durante o período estival respecto a media anual (Ferrol e Narón), polo que se priorizou como se reflexa na resposta previa, ter cobertura en toda a Área de Ferrol, e non só en centros nos que se considerou que a cobertura podería ser suficiente.

Analizáronse os datos de demanda de outros anos, e pola ratio de atención viuse que era posible a redución en beneficio de outras áreas con risco de quedarse sen facultativo e mais alonxadas do hospital e da isócrona da UVI móbil do 061.

Cómpre sinalar que respecto da maior poboación en período vacacional, desde hai anos, a EOXI de Ferrol incrementa nun facultativo os meses de verán a asistencia programada do Centro de Saúde que máis se ve afectado por isto (C.S de Ares) para a atención de pacientes desprazados desde outras áreas de Galicia e do país.

O total de médicos da área no período estival completaban con creces a súa xornada laboral cubrindo as vacacións, situacións de baixa laboral, e demais permisos do resto de compañeiros, polo que algúns deles xa excedían -con moito- a xornada laboral establecida, e non podía ser desde a Xerencia o que lles ofertara máis horas das que por necesidades asistenciais deberían cubrir.

O persoal facultativo de Urgencias durante todo o período estival, e durante todo o ano, está cuberto ó cen por cen, e non deixou de estalo durante este período, xa que se fixo cobertura íntegra do persoal durante as vacacións, situacións de IT por enfermidade común ou outras causas (embarazo...). En calquera caso, a porcentaxe de pacientes valorados e remitidos a Urgencias hospitalarias non se veu incrementado respecto a anos previos. Tendo en conta ademais que desde o inicio do verán de 2017 foi habilitada en Urgencias unha consulta de patoloxía 'menos grave' que da resposta a moitos pacientes remitidos desde o PAC para realizar probas complementarias que non se poden realizar nos mesmos.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:52
Nº Rexistro: 24592
Data envío: 31/01/2018 09:52:46.557

Na EOXI de Ferrol o plan de reordenación de camas do verán de 2017 é como os de anos previos, e contempla 14 camas de hospitalización maioritariamente de nenos (no 3º andar do Hospital Arquitecto Marcide) e 25 camas de hospitalización de patoloxía de maiores e non severa (no 3º andar do H. Naval). A demanda de hospitalización desta tipoloxía de pacientes diminúe no período de verán. En caso de necesidade asistencial, estas camas habilítanse, como foi o caso este ano durante os pasados meses de verán.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:52
Nº Rexistro: 24592
Data envío: 31/01/2018 09:52:46.557

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:52:41



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24703
Data envío: 31/01/2018 14:55:33.674

Data 31/01/2018 14:55

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13824**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos profesionais de Atención Primaria do Sergas”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2014 iniciouse o proceso de modificación e extensión a todas as EOXI dos protocolos de solicitude de probas desde atención primaria. A situación actual non é totalmente homoxénea polo que se continuará traballando na elaboración dos protocolos así como na formación dos profesionais para unha correcta utilización e interpretación das distintas probas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 13136a79-8be0-56d5-23d7-e0f795063a91

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24703
Data envío: 31/01/2018 14:55:33.674

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:55:29



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24702
Data envío: 31/01/2018 14:55:23.674

Data 31/01/2018 14:55

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13826**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as medidas da Consellería de Sanidade para afrontar os problemas da cobertura do servizo de Pediatría en Galicia”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Sergas ten como obxectivo prioritario garantir a calidade da prestación sanitaria na atención pediátrica. A non dispoñibilidade de profesionais dificulta en moitas ocasións a cobertura do cadro de persoal polo que as ausencias e substitucións valóranse en conxunto en cada unha das EOXIS, tendo en conta tamén os recursos dispoñibles. Non obstante a atención, de non haber pediatra, é prestada polos médicos de familia, profesionais perfectamente capacitados para facelo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24702
Data envío: 31/01/2018 14:55:23.674

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:55:19



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24701
Data envío: 31/01/2018 14:55:14.658

Data 31/01/2018 14:55

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13829**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración que fai a Consellería de Sanidade dos problemas de saturación das urxencias nos centros hospitalarios de Galicia”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo Galego de Saúde elabora anualmente os correspondentes ‘Plans de Continxencia’ en cada unha das EOXI. Os plans recollen e planifican as accións a levar a cabo nos distintos hospitais das EOXI a fin de controlar as consecuencias debidas á propagación de onda de infección, evitar que se produzan abrochos dentro dos centros sanitarios, planificar os posibles picos de demanda nos diferentes dispositivos asistenciais, prestar a mellor asistencia posible a pacientes con gripe tratando de minimizar a incidencia sobre o funcionamento nos Hospitais e describir os procedementos alternativos ao orden habitual da organización co fin de permitir ao máximo o normal funcionamento, contemplando a necesidade de habilitación de espazos específicos e de recursos tanto estruturais como de persoal según vaian crescendo as necesidades asistenciais durante esta época invernal.

O Servizo Galego de Saúde tamén conta coa información elaborada e remitida polo **Servizo de Vixilancia Epidemiolóxica da Dirección Xeral de Saúde Pública** (p.e. actividade gripal con intensidade, tendencia, difusión da onda da gripe, etc.).

A atención urxente de pacientes conleva a necesidade de dispoñer de dispositivos que permitan a selección de pacientes en función da gravidade das doenzas que presentan, proceso clave para a adecuada atención da demanda urxente, isto é a **‘Triaxe’**, que se leva a cabo por persoal sanitario en todos os servizos de urxencias hospitalarias de rede pública de Galicia, concretamente a ‘Triaxe Manchester’ de utilización internacional, que clasifica aos pacientes en función da gravidade e necesidade de asistencia segundo un código de cores (vermello, laranxa, amarelo, verde, azul e

branco) e marca uns tempos estándar de asistencia (ata o primeiro contacto médico) diferentes segundo este código de cores.

Os Servizos de Urgencias dos hospitais públicos de Galicia, contan con profesionais de alta cualificación e formación así como con infraestrutura e equipamento de calidade, traballando con protocolos e sistemas de información que permiten o desenvolvemento do seu traballo nas mellores condicións.

Nos últimos anos leváronse a cabo ampliacións e unidades de nova creación, nos servizos de urxencias nalgúns hospitais como o CHUAC, o Hospital do Salnés, melloras no servizo de urxencias de Montecelo, a área de curta estancia dependente de urxencias no CHUO, habilitación de espazos no Hospital da Mariña para realizar a triaxe, etc.

Nos centros do Servizo Galego de Saúde realízanse os reforzos de persoal necesarios e axustados á demanda asistencial.

Por último, hai que ter en conta que aos servizos de urxencias hospitalarias acoden tamén pacientes con outras patoloxías non respiratorias, polo que aínda que é posible planificar a demanda pola onda de gripe, a entrada nos servizos de urxencias está sempre suxeita a cambios e circunstancias non previstas, o que engadido á descontinuidade característica da demanda urxente, pode provocar momentos punta de demanda.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24701
Data envío: 31/01/2018 14:55:14.658

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:55:10



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13831**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a valoración que fai o goberno galego da perda de servizos do Hospital do Salnés dende que se implantaron as Estruturas Organizativas de Xestión Integral (EOXI)”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No hospital do Salnes trala implantación das EOXI non se perderon servizos, continúa a asistencia en neuroloxía e cardioloxía e, ademáis estableceuse unha nova asistencia, a de oncoloxía.

Polo que se refire a valoración da situación actual do hospital do Salnés, en relación coa calidade e cantidade dos servizos que presta, é correcta, tendo en conta ademáis que a calidade e cantidade dos servizos estanse incrementando, como por exemplo, coas novas urxencias con separación de adultos e pediatría, as diferentes zonas asistenciais, o novo bloque obstétrico e o novo bloque quirúrxico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:52
Nº Rexistro: 24589
Data envío: 31/01/2018 09:52:17.823

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:52:13



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13837**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “ **a calidade das agullas empregadas polas persoas afectadas de diabetes**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos casos nos que a incidencia non é un problema da técnica de inxección faise o cambio de agullas de menor calibre (32 G) sen ningún tipo de restricción e sen incremento do prezo do material para o sistema público.

Polo tanto estanse a recoller todas as incidencias para analizalas e buscar sempre a mellor solución para os pacientes e para o sistema sanitario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:51
Nº Rexistro: 24587
Data envío: 31/01/2018 09:51:57.292

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:51:52



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13851**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as consecuencias da política sanitaria no correspondente ao calendario vacinal”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Nos últimos anos estanse a producir problemas de desabastecemento de determinadas vacinas que repercuten sobre o programa galego de vacinacións.

Estes problemas veñen producidos por circunstancias alleas ao goberno galego, Son problemas a nivel mundial, que afectan a todas as Comunidades Autónomas do Estado e ao resto de países de Europa, de maneira variable entre estes dependendo de como esté configurado o seu calendario vacinal. En España, como dixemos, afecta a todas as CC.AA. dun xeito moi similar, xa que compartimos o calendario básico.

Neste sentido, tanto ante os problemas de falla de subministro da vacina Td como da dTpa, as CC.AA., coordinadas polo ministerio no seo da Comisión de Saúde Pública, puxéronse de acordo para dar unha resposta común e proceder a un reparto equitativo das doses dispoñibles nese momento e mentras se mantivera a situación de escasez.

Así se amosa na resposta dada ante a ausencia no mercado de doses da vacina dTpa, usada como dose de reforzo aos 6 anos: suspendeuse en maio do 2015 tras chegar a un acordo entre todas as CC.AA. e o ministerio, e reanudose o día 2 de maio deste ano, tras conseguirse doses por parte do ministerio, a través da Agencia Española de Medicamentos e Productos Sanitarios (AEMPS), e distribuírse de común acordo entre todas as CC.AA.

O mesmo sucedeu no caso da Td aos 14 anos. Neste caso a solución puido ser máis rápida, os problemas comezaron a principios deste ano e o 2 de maio anunciouse a súa resolución.

Estamos a falar de doses de recordo. Cando se decide, nun calendario, a qué idade é recomendable poñelas se teñen en conta varios factores como: a epidemioloxía en Galicia e España das enfermidades contra as que se vacina, a súa distribución etárea, os datos de inmunoxenicidade

provenientes de estudos metodolóxicamente robustos, as coberturas a acadar e os aspectos loxísticos a ter en conta.

Evidentemente son doses necesarias para asegurar unha boa protección individual e colectiva, e por elo están incluídas nas pautas do calendario de vacinación, pero un certo retraso temporal para a administración desta dose non supón unha diferenza de risco que se poida cuantificar, é practicamente igual. Por elo a Comisión de Saúde Pública acordou no seu momento suspender temporalmente a dose de recordo con Td aos adolescentes e a os adultos.

Aunque non hai unha cifra temporal establecida, pero polo que coñecemos da dinámica da protección que consiguen as doses previas, terían que pasar varios anos para que o risco de sufrir a enfermidade fora significativamente superior na poboación sen dose de reforzo respecto a quen sí a ten administrada.

A resposta a dar ante este problema mundial articulouse a través do ministerio e en consenso con todas as CC.AA.

Na nota informativa de data 10 de abril deste ano se anunciaba o restablecemento da distribución das vacinas dTpa e Td para o seu uso aos 6 anos e aos 14 anos a partir do 2 de maio, información ampliada nunha nova nota do 21 de abril.

Na páxina web da consellería poden consultarse estas notas:

[http://www.sergas.es/Saude-publica/Instruci%C3%B3ns-e-notas-informativas-.](http://www.sergas.es/Saude-publica/Instruci%C3%B3ns-e-notas-informativas-)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:51
Nº Rexistro: 24584
Data envío: 31/01/2018 09:51:28.307

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:51:23



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13853**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**a dotación de equipamento e servizos do centro de día de Cambados**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 20211 sobre similar tema e publicada no BOPG 234, do 29.12.2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24700
Data envío: 31/01/2018 14:55:04.408

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:54:59



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13855**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “**os problemas de contratación temporal de persoal na sanidade galega**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde mantivo unha xuntanza cos sindicatos da mesa sectorial de sanidade en outubro de 2016 co obxecto de analizar a situación dos nomeamentos eventuais do persoal e a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea.

Nese mesmo momento a administración clarificou que se trata dunha sentenza ditada a consecuencia dunha cuestión prexudicial prantexada por un xulgado con ocasión dunha demanda dunha profesional do Servizo Madrileño de Saúde, non do Sergas, e que esta resolución avala a existencia de sucesivos contratos temporais formalizados cos profesionais, sempre que respondan a necesidades coxunturais non permanentes e existan razóns obxectivas para a súa formalización. Tamén permite a existencia doutro tipo de nomeamentos como os de substitución ou os de curta duración (pool), fundados nas necesidades do sistema sanitario.

No sistema sanitario público de Galicia estase a cumprir o Pacto de contratación temporal recentemente asinado coas organizacións sindicais e ademáis as causas que motivan os nomeamentos poden ser periodicamente revisadas de cara a valorar a creación de prazas estruturais nos centros de conformidade coas dispoñibilidades orzamentarias. Neste sentido, no ano 2015 estabilizáronse máis de 1000 profesionais e no ano 2016 case 800.

A estabilidade no emprego constituíu nestes últimos anos unha das liñas básicas da política de recursos humanos do Servizo galego de saúde, que se manterá de cara ao futuro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:51
Nº Rexistro: 24582
Data envío: 31/01/2018 09:51:03.510

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:50:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:50
Nº Rexistro: 24580
Data envío: 31/01/2018 09:50:44.182

Data 31/01/2018 09:50

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13857**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“os recursos públicos destinados pola Consellería de Sanidade a financiar servizos relixiosos nos centros sanitarios públicos durante 2016”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O orzamento inicial do ano 2016 foi de 683.498 euros e o gasto total ascendeu a 587.013 euros.

No que respecta aos servizos relixiosos no Sergas seguiranse a aplicar os convenios asinados co Arzobispado tal e como se ven facendo.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:50
Nº Rexistro: 24580
Data envío: 31/01/2018 09:50:44.182

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:50:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13859**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a planificación da incorporación ao mercado laboral dos MIR formados na Comunidade Autónoma de Galicia”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A oferta docente prepárase con arreglo a informes de planificación de prazas nas que se estiman as necesidades a medio prazo de profesionais en base a xubilacións, defuncións, ausencias por incapacidade temporal, contratacións. Dita información permite valorar que especialidades son excedentarias ou deficitarias, no seu caso.

De cara a oferta do 2018 a Consellería de Sanidade solicitou ao Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad a autorización para convocar 394 prazas de formación de residentes, sendo 17 máis que no 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:50
Nº Rexistro: 24579
Data envío: 31/01/2018 09:50:30.978

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:50:26



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 13861**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as máis, sobre **“se o Goberno galego ten un plan específico respecto da atención integral á saúde das mulleres”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan de Atención Integral á Saúde da Muller de Galicia aprobado no 2007 incluía 32 proxectos interrelacionados entre si. Para a súa implantación e extensión elaboráronse varias guías técnicas co obxectivo de que os/as profesionais do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) implementaran esas recomendacións.

Das guías elaboradas no 2008, algunhas foron revisadas e actualizadas en base a evidencia científica actual, entre elas destacar a de cribado de cancro de cérvix ou a de violencia de xénero, e outras están en proceso de revisión e actualización. Todas as guías e folletos divulgativos están a disposición de profesionais e usuarias/os na web do SERGAS.

Tamén se elaboraron novas guías técnicas de procesos asistenciais como a de abordaxe de disfuncións do solo pelviano feminino ou o protocolo de cribado da enfermidade de Chagas en mulleres embarazadas.

Este goberno considera que documentos como as guías técnicas e os protocolos son un instrumento útil para homoxeneizar a asistencia e diminuír así a iniquidade consecuencia da variabilidade asistencial.

Ademáis adecuáronse os espazos, realizándose reformas estruturais e mellora do equipamento dos espazos adicados á atención á saúde sexual e reprodutiva da muller.

Dentro da atención ás mulleres embarazadas incluíuse a vacina da tosferina co fin de que os neonatos reciban vía transplacentaria ou a través do leite materno anticorpos suficientes que os protexa desta infección os primeiros meses de vida.

Outro dos avances realizados por este Goberno nos últimos anos foi a creación de 2 bancos de leite humana (H. Alvaro Cunqueiro e CHU de Santiago) para garantir, o subministro de leite materno doado de forma segura, para a alimentación de prematuros de menos de 32 semanas de xestación ou de menos de 1,500 gr. e de nenos/as enfermos que non poidan recibir leite da súa nai de forma transitoria ou permanente.

Tamén é de grande importancia continuar coa formación dos/as profesionais do SERGAS, así como da información axeitada á poboación, incluíndose dentro da oferta anual de formación continuada do SERGAS cursos relacionados coa saúde sexual e reprodutiva da muller á vez que se celebran reunións científicas de traballo multidisciplinar, xornadas e congresos.

Outra das demandas dos colectivos de mulleres é poder decidir sobre o seu parto e nacemento e co modelo de 'plan de parto e nacemento' elaborado polo SERGAS, as matronas e obstetras do SERGAS dispoñen dun modelo único que segue as recomendacións do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade dentro do marco da Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e de dereitos e obrigas en materia de información e documentación clínica e da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Mediante este documento, as mulleres e as súas parellas, poden manifestar por escrito os seus desexos, necesidades, preferencias e expectativas en relación o seu traballo de parto e o nacemento do seu bebé de forma que cando chega o momento do parto, todo o persoal que a atende durante o parto e posparto ten en conta todo isto para favorecer unha vivencia positiva e satisfactoria do nacemento do seu fillo ou filla.

Outro dos temas que se traballan de maneira transversal en todos os procesos asistenciais de saúde é a perspectiva de xénero para evitar sesgos de xénero tanto na atención prestada como na linguaxe.

Ademais, en relación coa violencia de xénero, o Servizo Galego de Saúde difundirá unha actualización da guía de violencia de xénero que será difundida polos Centros de Atención Primaria co obxectivo de formar na identificación das mulleres que puideran sufrir malos tratos por parte da súa parella.

Elaborouse tamén unha guía de mutilación xenital feminina para dar coñecemento e difusión a unha práctica que dende o Servizo Galego de Saúde se quere eliminar, distribuída tanto aos Centros de Saúde como aos Centros de Orientación Familiar.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:01
Nº Rexistro: 24663
Data envío: 31/01/2018 13:01:40.864

Na actualidade todos os proxectos contemplados na área sanitaria no Plan de Atención Integral á Saúde da Muller en Galicia están xa implementados na carteira de servizos do Servizo Galego de Saúde.

Para este goberno, a saúde das mulleres de Galicia segue a ser unha das súas prioridades fundamentais.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 13:01
Nº Rexistro: 24663
Data envío: 31/01/2018 13:01:40.864

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 13:01:36



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13863**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as melloras que ten previstas o Goberno galego para a situación dos enfermos de linfedema e os procesos e tratamentos que reciben do Sergas”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Primeiramente debemos facer constar que se ben no texto elaborado polo grupo parlamentario consideran ao linfedema como unha enfermidade rara (ER), cómpre puntualizar que unicamente aqueles primarios (hereditarios ou conxénitos) poden considerarse así, porque o linfedema secundario non pode ser considerado unha ER; o de membro superior é unha das complicacións máis frecuentes do cancro de mama e os seus tratamentos.

O linfedema secundario tamén pode ser debido a unha infección, cancro, cirurxía, formación de tecido cicatricial, traumatismos, tratamentos contra o cancro, etc.

Segundo Orphanet a prevalencia estimada europea do lindema primario é de 16,5/100.000 habitantes (ou o que é o mesmo 1,65/10.000 habitantes), que sí sería considerada enfermidade rara segundo o Decreto 54/2015, de 12 de marzo, polo que se regulan o procedemento e os efectos da garantía do dereito á segunda opinión médica no Sistema Público de Saúde de Galicia, no que se considera enfermidade rara aquela patoloxía con perigo de morte ou invalidez crónica e baixa prevalenza, entendida como aquela < 5 casos por cada 10.000 habitantes, incluídas as de orixe xenética.

Tendo en conta esta prevalencia, o total de casos que podería haber en Galicia na poboación protexida polo Servizo Galego de Saúde serían un total de 41 persoas afectadas deste tipo de linfedema considerado enfermidade rara.

Os hospitais do Segas contan con Unidades de Linfedema dependentes do Servizo de Rehabilitación dos Complexos Hospitalarios. Ditas unidades contan con Médicos especialistas en rehabilitación e medicina física e Fisioterapia a tempo completo, especialmente formados nesta disciplina e con ampla experiencia no seu tratamento.

No ano 2010, a Consellería de Sanidade publica Rehabilitación do linfedema. Revisión e Protocolo.

Desde estas unidades lévase a cabo o seguimento médico e a aplicación dos diferentes aspectos terapéuticos dos pacientes afectos de Linfedema. Os pacientes son derivados dende diferentes servizos como son Oncoloxía Médica e Radioterápica, Cirurxía Vascular, Xinecoloxía, Cirurxía Xeral e Dixestiva, Dermatoloxía, Atención Primaria.

Os tratamentos realizados nas unidades constan de:

- Terapia Física Combinada
- Coidados da pel
- Drenaxe Linfática Manual
- Cinesiterapia de drenaxe
- Vendaxe Multicapa
- Presoterapia Neumática Secuencial Intermitente
- Drenaxe Linfática Mecánica Ultrasónica: Flowave
- Prescrición e chequeo de Prendas de contención elástica a medida

Os casos e patoloxías nas que se administra tratamento a pacientes con linfedema, son

- Linfedemas secundarios: principalmente despois de linfadenectomías axilares e inguinais. A maior prevalencia dase no membro superior tras mastectomía.
- Linfedemas primarios principalmente de membros superiores.



O Servizo Galego de Saúde conta con recursos suficientes para o diagnóstico do linfedema, pois baséase fundamentalmente na historia clínica e no exame físico, necesitando en poucas ocasións probas complementarias como linfografía, RM ou TC.

O tratamento estase a levar a cabo nos Servizos de Rehabilitación nas 7 EOXIs, co que o tratamento a estes pacientes está garantido.

O Servizo Galego de Saúde aposta pola formación continuada dos seus profesionais e a ampliación de coñecementos a través de ACIS, a Axencia de Coñecemento en Saúde, organizando anualmente cursos de formación para todos os seus profesionais, orientados ás disciplinas segundo as necesidades detectadas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:50
Nº Rexistro: 24578
Data envío: 31/01/2018 09:50:20.963

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:50:16



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13869**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a aplicación da iniciativa aprobada polo Parlamento de Galicia o 22 de abril de 2015 en relación coa detección, tratamento e investigación da endometriose”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade ten postas en marcha as medidas definidas na proposición non de lei aprobada por unanimidade pola Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrada o 22 de abril de 2015.

Polo que se refire a difusión da Guía de Coidados a mulleres con endometriose, o 20 de xaneiro de 2016 enviouse ás Xerencias de Xestión Integrada e ás Direccións de Procesos Asistenciais de todas as Estructuras Organizativas de Xestión Integrada para ser difundida entre os xefes de servizo de Obstetricia e Xinecoloxía, xefes de servizo de Atención Primaria, persoal de enfermaría, matronas/matróns e persoal dos Centros de Orientación Familiar. Esta guía tamén está a disposición de todos os profesionais da sanidade a través da intranet da Consellería.

En relación coa creación dun Grupo de traballo dentro da dinámica da Dirección de Asistencia Sanitaria, existe unha liña específica adicada á saúde da muller, con grupos de traballo multidisciplinar (Xinecólogos, Matronas, DUE, médicos de AP, ...) traballando en distintos aspectos da atención as mulleres. No marco deste traballo multidisciplinar, avalíaranse as propostas sobre a sospeita diagnóstica temperá ou a atención da endometriose grado IV por estes equipos multidisciplinarios, ou os criterios para a creación dunha unidade de endometriose. Dentro das tarefas do grupo de traballo, valorárase tamén a elaboración dun protocolo para definir o itinerario das mulleres con endometriose.

En canto a fomentar o coñecemento da doenza por parte das mulleres en idade fértil e de maneira singular entre as menores de 25 anos, a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade ponse á disposición da Asociación querENDO en canto á difusión de calquera iniciativa de

formación e información para a cidadanía sobre esta realidade, en concreto propúxose a posibilidade de realizar un Foro ‘O Experto Responde’ sobre este tema.

Desde a Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade, a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns organizáronse do ano 2016 dúas actividades formativas en estreita relación con esta patoloxía dirixidas ao público en xeral (“A Endometriose” e ‘Muller e saúde’).

Polo que se refire ao fomento da investigación, na reunión do Consello Reitor do Instituto de Investigación Sanitaria de Lugo do 20 de maio de 2016 tratouse á necesidade de promover a investigación e así quedou constatado na acta da reunión.

A atención ás mulleres con endometriose é integral e asumible cos recursos dispoñibles. Os servizos de xinecoloxía dispoñen de circuitos asistenciais que permiten unha atención de calidade ás mulleres con sospeita/diagnóstico de endometriose, esta atención ou ben proporciónase en consultas específicas de endometriose ou ben en consultas de xinecoloxía nas que teñen establecida unha programación semanal para asistencia de mulleres con esta patoloxía.

En calquera caso o Servizo Galego de Saúde está a promover que nos servizos de xinecoloxía se creen consultas específicas de endometriose adaptadas á prevalencia da mesma en cada área.

E con respecto ao tratamento nos hospitais de segundo e terceiro nivel da rede pública do Servizo de Saúde, están capacitados para o tratamento multidisciplinar de casos complexos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 10:06
Nº Rexistro: 24619
Data envío: 31/01/2018 10:06:31.297

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 10:06:26



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13873**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as medidas que ten previsto desenvolver o Goberno galego para favorecer a implantación dun protocolo de cribado nutricional no sistema sanitario galego coa finalidade de loitar contra a desnutrición relacionada coa enfermidade”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A desnutrición dentro da enfermidade crónica é un dos aspectos importantes a ter en conta en calquera sistema sanitario.

Os hospitais do Servizo Galego de Saúde contan cun Servizo de Nutrición que posibilita identificar e tratar aos pacientes con desnutrición relacionada coa enfermidade. A presenza destes especialistas, xunto coa participación do persoal de enfermería na valoración, garante que o aspecto nutricional sexa avaliado ao longo do ingreso hospitalario.

Segundo o protocolo de cribado nutricional implantado medirase o índice de masa corporal aos pacientes ingresados nos hospitais da rede do Servizo Galego de Saúde.

Ademais nos próximos meses, desenvolverase unha plataforma de teleseguimento para Atención Primaria que permitirá, entre outros aspectos, a monitorización polo persoal enfermería de AP das variables que permiten valorar o estado nutricional.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:50
Nº Rexistro: 24577
Data envío: 31/01/2018 09:50:10.947

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:50:06



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13877**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“o exercicio das xefaturas de servizo ou unidades de atención primaria no Sergas por persoas que non se veñen dedicando de maneira exclusiva ao sistema sanitario público”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actual normativa (Decreto 206/2005, de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde) contempla a posibilidade de compatibilizar o exercicio de xefaturas asistenciais coa actividade fóra do sistema sanitario público. Non obstante, quen realiza un compromiso de dedicación exclusiva ao desempeño da xefatura no Sergas, ten unha puntuación adicional no proceso selectivo previo ao nomeamento na devandita xefatura.

Xa se exerzan prazas bases ou xefaturas, os profesionais deben cumprir a normativa de incompatibilidades do sector público.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:50
Nº Rexistro: 24576
Data envío: 31/01/2018 09:50:01.697

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:49:56



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13879**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“a posibilidade de solicitarlle ao Goberno de España a inclusión da podoloxía na carteira básica do Sistema Nacional de Saúde”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A solidariedade nas prestacións inclúe actuar con responsabilidade, non quebrando a congruencia do propio sistema nacional de saúde.

A inclusión de novas prestacións en carteira debe levarse a cabo de forma unificada e priorizando as necesidades. En calquera caso, de forma homoxénea, solidaria e consensuada en todo o sistema.

Neste momento, en Galicia, estase levando a cabo un estudo para asinar un acordo de colaboración co Colexio Oficial de Podólogos de Galicia para realizar actividades conxuntas. A inclusión unilateral de prestacións sen valoración por parte do conxunto dos servizos sanitarios do sistema nacional de saúde non é unha opción a considerar.

A valoración de estudo da pertinencia de incluír a categoría de podólogo debe realizarse de forma conxunta coa valoración da inclusión en carteira.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:49
Nº Rexistro: 24575
Data envío: 31/01/2018 09:49:51.681

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:49:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13885**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre “ **as deficiencias no servizo sanitario do Centro de Saúde de Baltar, concello de Sanxenxo**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No concello de Sanxenxo a poboación é de 14.551 TIS de adultos, que son atendidos en xornada ordinaria por 9 médicos de familia e 2.303 TIS de menores de 14 anos que son atendidos por 2 pediatras.

Estando a cubrir as ausencias cos mesmos criterios que en calquera outro centro de saúde, garantindo unha asistencia e accesibilidade adecuada á poboación.

No caso concreto da pediatría de Sanxenxo, produciuse unha xubilación dun titular no mes de xaneiro e, dada a ausencia de especialistas en pediatría nas listas, está cuberta cun especialista en medicina familiar e comunitaria, con preparación adecuada na súa especialidade, para atender á poboación infantil; a outra pediatra atópase en activo.

Consideramos, atendendo aos datos sinalados anteriormente, que o servizo no Centro de Saúde de Baltar é axeitado para as TIS que temos que atender.

En horario de Atención continuada os concellos de Sanxenxo e Meaño son atendidos no PAC situado en Baltar (concello de Sanxenxo) no que contan cunha plantilla de 5 médicos, 4 DUEs e 4 PSXs, con presenza de luns a venres de 1 médico, 1 DUE e 1 PSX en xornada de 15 a 8 h. e na fin de semana a tarde do sábado e a mañá e tarde do domingo 2 médicos.

Entendemos que a cobertura é axeitada para a poboación a atender.

A actividade de Urgencias é coordinada polo 061, quen define, con criterios de carácter técnico, os medios con que debe dotar cada área; e que tamén reforza a súa dotación no período estival cunha ambulancia medicalizada.

As urxencias, que así o requiren son derivadas ao Hospital Provincial ou a Montecelo, situados a unha isócrona adecuada e dotados ambos dos medios materiais e humanos oportunos para dar unha resposta de calidade aos problemas sanitarios.

Ao tratarse dunha zona turística, refórzanse os servizos sanitarios, tanto en Semana Santa como en verán (de 1 de xullo a 15 de setembro):

-Semana Santa: (xoves, venres, sábado e domingo): 1 médico de familia e 1 DUE a maiores do habitual.

-Verán: horario de mañá de luns a venres 2 MF e 1 DUE a maiores da plantilla

horario de tarde de luns a venres 1 MF e 1 DUE

sábados e domingos de 8 a 8h. 1 MF e 1DUE

A formación e profesionalidade do noso persoal sanitario é da mais alta calidade, e a análise da actividade de dita área reflicte que a dotación é a adecuada para poder garantir unha asistencia sanitaria de calidade, tanto en adultos coma na poboación infantil, para a poboación destes municipios, como para a afluencia de turistas que os visitan.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:49
Nº Rexistro: 24574
Data envío: 31/01/2018 09:49:42.744

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:49:38



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:22
Nº Rexistro: 24231
Data envío: 26/01/2018 12:22:54.199

Data 26/01/2018 12:22

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13921**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **o número de centros de información e asesoramento a mulleres que o Goberno galego considera necesarios na Comunidade Autónoma de Galicia**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os Centros de Información á Muller (CIM) constitúen instrumentos de grande importancia no ámbito local para a promoción da igualdade de xénero, tanto polas actividades que desenvolven como pola atención que prestan ás persoas que demandan o seu servizo, principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información de acceso aos recursos dispoñibles.

Dentro da atención prestada merece destacar especialmente a das mulleres en situación de vulnerabilidade por diversos motivos e, en concreto, o servizo prestado a mulleres que foron vítimas de violencia de xénero ou que se atopaban en risco de seren vítimas desa situación.

Deste xeito os CIM convertéronse en ferramentas decisivas na prevención, detección, tratamento e loita en xeral contra esta praga social desde unha relación de proximidade e atención directa.

En consecuencia, a Xunta de Galicia valora moi positivamente que as entidades locais decidan constituír novos Centros de Información á Muller e vén apoiando o seu funcionamento mediante unha contribución económica estable: o programa de apoio aos

CIM da Xunta de Galicia ten investido un total de 28,3M€ dende 2009 ao 2017 no funcionamento destes centros.

Actualmente en Galicia están acreditados 81 Centros de Información ás Mulleres.

O mapa dos CIMS pode consultarse no seguinte link:

<http://igualdade.xunta.gal/gl/recursos/centros-de-informacion-mulleres>

No ano 2017 acreditáronse 3 novos CIMS: Mos, Mancomunidade Conso Frieiras e Mancomunidade de Verín.

É importante lembrar que a decisión de constituir un CIM é vontade e competencia das entidades locais tal e como aparece recollido no Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:22
Nº Rexistro: 24231
Data envío: 26/01/2018 12:22:54.199

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:22:49



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:22
Nº Rexistro: 24229
Data envío: 26/01/2018 12:22:27.370

Data 26/01/2018 12:22

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13927**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a existencia dalgún estudo do Goberno galego acerca da reorganización dos tempos de traballo e a conciliación da vida familiar e da vida laboral”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pleno do Consello Galego das Mulleres celebrado o 3 de xuño de 2016 aprobou os tres informes das tres comisións de traballo creadas, que eran:

1. Comisión Situación Socio laboral das Mulleres
2. Comisión Muller con discapacidade
3. Comisión muller rural.

Estes tres informes son públicos e están colgados na páxina web da S.X da Igualdade nos seguintes links:

- Informe da Comisión Muller Rural:

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe_comision_muller_rural-_3_junio_2016_.pdf

- Informe da Comisión Muller con discapacidade:

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe_comision_muller_con_discapacidade-3_de_junio_2016_.pdf

- Informe da Comisión da Situación Socio laboral da Muller:

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe_comision_da_situacion_sociolaboral-3_junio_2016_.pdf

No Informe da Comisión da Situación Socio laboral da Muller aparecen datos relativos a reorganización dos tempos de traballo e á conciliación da vida familiar e laboral, concretamente no apartado 2.2. Conciliación e usos do tempo (páxina 27)

E no apartado 3 Conclusións recóllense as correspondentes a Conciliación e usos do tempo (páxina 51)

No último pleno do Consello Galego das Mulleres que tivo lugar o 23 de xullo de 2017, acordouse constituír a Comisión de Coeducación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:22
Nº Rexistro: 24229
Data envío: 26/01/2018 12:22:27.370

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:22:23



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13929**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Comisión Interdepartamental de Igualdade do cumprimento da Lei galega para a prevención e o tratamento da violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Comisión Interdepartamental da Igualdade, foi constituída o 7 de marzo de 2013 e, ata o ano 2017, convocouse en 4 ocasións, a última correspondente a ese ano foi o 4 de xullo de 2017.

Tal e como aparece recollido no Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación, á Comisión Interdepartamental da Igualdade correspóndelle a realización das seguintes funcións:

- a) Efectuar o seguimento da aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e dos correspondentes plans para a igualdade de oportunidades e de loita contra a violencia de xénero.
- b) Adaptar o plan de etapas de aplicación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, ás contías orzamentarias anuais consignadas para o seu desenvolvemento nas leis de orzamentos de cada exercicio.

c) Velar pola efectiva aplicación do principio de transversalidade na elaboración, execución e seguimento de todas as accións e políticas públicas levadas a cabo pola Xunta de Galicia, co obxecto de acadar a igualdade real e efectiva e eliminar as discriminacións entre mulleres e homes.

d) Servir de órgano de interlocución en materia de igualdade entre as consellerías da Xunta de Galicia, os organismos autónomos e entes públicos vinculados ou dependentes destes, promover accións conxuntas para asegurar o cumprimento da lexislación vixente en materia de igualdade no ámbito da administración autonómica e corrixir as situacións de discriminación.

e) Calquera outra función que lle sexa encomendada dentro do ámbito das súas competencias.

Así, nas xuntanzas mantidas da Comisión Interdepartamental se abordaron, entre outros, os seguintes asuntos:

- VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes-Extratexia 2013-2015. Este Plan foi aprobado polo Consello da Xunta o 14 de febreiro de 2013 e foi o resultado dun traballo compartido pola totalidade da Administración autonómica seguindo na liña de cooperación e coordinación institucional que forma parte dos principios reitores deste plan e que se complementou coas achegas recibidas das asociacións de mulleres, asociacións de igualdade, axentes sociais e outras entidades.

Este VI Plan de Igualdade recolleu as metas e os compromisos asumidos pola Xunta na promoción da igualdade entre homes e mulleres neste trienio, a través da renovación e reestruturación de áreas prioritarias, como é caso da loita contra a violencia de xénero, e para contribuír así ao progreso e benestar da sociedade galega mediante o deseño, a execución e o seguimento de políticas das que homes e mulleres se benefician de forma equivalente.

O VI Plan galego para a igualdade baseábase en seis eixes de intervención:

1.- Mellora da 'Gobernanza' a favor da igualdade: 50 actuacións

2.- Cambio de valores e modelos para a igualdade: 72 actuacións

3.- Aproveitamento do talento feminino: 53 actuacións



4.- Conciliación corresponsable e calidade de vida: 27 actuacións

5.- Participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade: 27 actuacións

6.- Acción integral contra a violencia de xénero: 91 actuacións

Así se configuraron as 320 actuacións cunha valoración económica estimada en 220 millóns de euros para ese período de tres anos.

- VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020. É o Plan de Igualdade que actualmente esta vixente e que foi aprobado polo Consello da Xunta o pasado 30 de marzo de 2017.

- Informes anuais de seguimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

- Coordinación, dinamización e seguimento das políticas de igualdade e da estratexia de transversalidade de xénero na Administración autonómica

- Informe sobre o Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación. Situación e funcionamento do Consello Galego das Mulleres e do Observatorio Galego de Violencia de Xénero.

- II Programa Galego de Muller e Ciencia

- Decreto para regular a formación en materia de igualdade e violencia de xénero do persoal que presta servizo nas administracións públicas de Galicia.

- Documentos elaborados polos Grupos de Traballo creados no seo do Consello Galego das Mulleres (situación sociolaboral das mulleres, diversidade funcional e muller rural)

O orzamento que a Secretaría Xeral da Igualdade destina á erradicar a violencia de xénero ascende este ano 2018 a 5.427.325 €, o que supón un incremento respecto de ano 2017 do 4,28%.

En todo caso, o Goberno galego traballa no convencemento de que na loita contra a violencia de xénero, todas as medidas son insuficientes mentres unha muller viva baixo o medo e a falta de liberdade que isto supón.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24368
Data envío: 30/01/2018 09:45:33.689

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:45:29



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 13941**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**a opinión do Goberno galego en relación cos orzamentos anunciados polo Goberno de España para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O 30 de maio de 2017 a Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, comparecía no Congreso dos Deputados para dar conta dos Orzamentos Xerais do Estado do seu departamento, que segundo informou se incrementaron nun 7,97% respecto aos do ano 2016, chegando aos 2.184,6 millóns de euros.

Así a Delegación do Goberno para a Violencia de Xénero recibe 31,7 millóns de euros, o que supón un incremento de máis dun 25% con respecto ano 2016 e un 4,5% máis en relación ao ano 2011.

Neste ámbito, cómpre lembrar que o Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero, recolle o seguinte Compromiso económico:

Por tanto, o compromiso económico global destinado a desenvolver este Pacto de Estado suporá un incremento de mil millóns de euros (1.000 €) durante os próximos cinco anos desagregados da seguinte forma: 100 millóns de euros adicionais destinados aos Concellos, 500 millóns de euros adicionais destinados ás Comunidades Autónomas e 400 millóns de euros adicionais destinados a competencias estatais contra a Violencia de Xénero no marco dos Orzamentos Xerais do Estado.

O Goberno do Estado, as Comunidades Autónomas e a FEMP acordaron o 27 de decembro de 2017 na Conferencia Sectorial de Igualdade impulsar o desenvolvemento das medidas para este Pacto de Estado. Aprobouse así a constitución de varios grupos de traballo para a implantación das máis de dúascentas medidas prescritas e decidiuse priorizar un conxunto de actuacións para o ano 2018: sensibilización e prevención da violencia de xénero e sexual en todas as etapas

educativas, mellora da resposta institucional (entre outros aspectos, ampliación dos mecanismos para a acreditación das situacións de violencia de xénero), maior protección aos menores, impulso da formación dos profesionais dos ámbitos policial e xudicial, mellora do coñecemento e estatístico e medidas para a visualización e atención a outras formas de violencia contra a muller (nomeadamente, a sexual).

En canto aos orzamentos adicados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade para a implantación dos plans de Igualdade en pequenas e medianas empresas, cómpre indicar que o Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades (IMIO), organismo dependente do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, financia dende 2008 os custos derivados da elaboración e implantación de plans e medidas de igualdade nas pequenas e medianas empresas, con plantillas de entre 30 e 250 traballadores/as

En 2017, o IMIO decidiu continuar coa liña de subvencións á pequena e mediana empresa para a elaboración e implantación de plans de igualdade. Así a partida para plans Igualdade nas empresas pasou de 900.000 € en 2016 a 1.250.000 € en 2017.

É preciso destacar o servizo integral de acompañamento e asesoramento técnico (en liña e telefónico), de carácter gratuíto, para a elaboración e implantación de plans e medidas de igualdade, a través da páxina web: www.igualdadadenlaempresa.es.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2018 12:22
Nº Rexistro: 24227
Data envío: 26/01/2018 12:22:03.230

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2018 12:21:58



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14002**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo **“a decisión estatal de eliminar a exención fiscal dos servizos prestados polos avogados do Turno de Oficio”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno nas respostas ás iniciativas con número de rexistro 4414, 4415 e 4416, presentadas polo mesmo grupo parlamentario.

Neste sentido, reitérase que o Boletín Oficial do Estado (BOE) publicou o pasado 22 de xuño a Lei 2/2017, do 21 de xuño, de modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta a través da que se garante que a quenda de oficio estea exenta do IVE.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:45
Nº Rexistro: 24366
Data envío: 30/01/2018 09:45:13.751

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:45:08



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14045**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a importancia de garantir a protección das vítimas de violencia contra a muller e a súa adecuada atención nas dependencias xudiciais”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego considera prioritario garantir a protección das vítimas, especialmente das vítimas da violencia de xénero.

Para cumprir este obxectivo, a Secretaría Xeral da Igualdade coordina recursos e programas de atención psicolóxica, que están a disposición das vítimas de xeito gratuíto as 24 horas do día. Tamén se creou o Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, no que traballan profesionais do ámbito da avogacía, psicoloxía, traballo social ou terapia ocupacional, cun programa de atención integral, baseado nun sistema coordinado de servizos, recursos e medidas de carácter social, laboral e económico.

Ademais, a Xunta de Galicia vén de crear na relación de postos de traballo da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (DOG Núm. 64, do 31 de marzo) 7 prazas de persoal psicólogo e 7 de traballador social, incrementando nun 70% o persoal desta categoría destinado no Instituto de Medicina Legal de Galicia.

Con estas novas catorce prazas, facilitarase a atención das valoracións e elaboración de informes que lles sexan requiridos polos xuíces e xuízas ao Imelga, como adoita suceder no ámbito penal nos procesos por violencia de xénero e doméstica, entre outros. Deste xeito, o Goberno galego segue avanzando cara unha xustiza máis áxil e eficiente.

Asemade, o pasado mes de setembro a Xunta de Galicia asinou convenios cos Colexios Oficiais de Psicoloxía e de Traballo Social de Galicia para a colaboración na emisión de informes periciais, coa finalidade de axilizar os informes no Xulgados de Familia, tendo ambos convenios vixencia ata que remate de 2017.

Por outra banda, outro avance recente que cómpre lembrar no eido da atención directa ás vítimas, é que desde o mes de outubro, e en virtude dun convenio entre a Xunta e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, incorporouse persoal psicólogo ás Oficinas de Atención ás Vítimas dependentes dos xulgados decanos nas 7 cidades galegas. O obxectivo é apoiar e prestar asistencia psicolóxica especializada ás vítimas de delitos violentos, incluídas as vítimas de violencia de xénero. Deste xeito, trabállase para evitar unha vitimización secundaria, realízase unha avaliación individualizada para atender as súas necesidades, e realízase, de ser o caso, derivacións coordinadas a outros servizos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:44
Nº Rexistro: 24364
Data envío: 30/01/2018 09:44:52.642

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:44:47



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14107**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo **“o número de expedientes de asistencia xurídica gratuita resoltos en cada una das Comisións de Axistencia Xurídica Gratuíta provinciais”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a estas preguntas xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 11 de outubro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 14108.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:44
Nº Rexistro: 24362
Data envío: 30/01/2018 09:44:32.860

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:44:25



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14155**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre “ **as medidas que ten posto en marcha a Xunta de Galicia para previr os abusos sexuais a menores na nosa Comunidade Autónoma**”, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 4069 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24698
Data envío: 31/01/2018 14:54:43.423

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:54:38



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14174**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas que ten previsto poñer en marcha a Xunta de Galicia durante a X Lexislatura para axudar ás familiar monoparentais”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta 5009 sobre similar tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 16:30
Nº Rexistro: 24697
Data envío: 31/01/2018 14:54:31.595

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 14:54:27



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14324**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións do Goberno galego para evitar que a falta de recursos orzamentarios impida o bo desenvolvemento da actividade dos xulgados específicos de violencia contra a muller”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 8 de setembro de 2017 no debate da iniciativa con número de rexistro 14323, presentada polo mesmo grupo parlamentario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/01/2018 09:44
Nº Rexistro: 24361
Data envío: 30/01/2018 09:44:20.032

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 30/01/2018 9:44:15



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:48
Nº Rexistro: 24568
Data envío: 31/01/2018 09:48:41.712

Data 31/01/2018 09:48

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 14403**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego da situación laboral e asistencial que está a denunciar o persoal celador do Hospital Comarcal do Salnés”**, (publicada no BOPG número 165, do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Para poder definir as necesidades de persoal cómpre ter en conta variables tales coma o número de camas, índice de ocupación de camas, a dotación material do centro, a distribución das tarefas e tempos aproximados, horas de traballo efectivo en cada quenda, xornadas mensuais e anuais, etc., e, unha vez coñecidos estes datos e realizado o estudo, os recursos humanos dispoñibles distribúense do xeito máis equitativo en función das cargas de traballo.

O Hospital do Salnés inicia a súa andadura coma Fundación Sanitaria no ano 2001, pero non é ata Xaneiro do 2002 cando inicia a totalidade da súa actividade asistencial. Neste ano 2002, nas Fundacións sanitarias a figura do persoal celador non estaba contemplada e as súas funcións eran realizadas por persoal Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermaría (TCAE), persoal que dada a actividade a realizar estaba por riba das ratios establecidas.

A chamada antigamente Fundación do Hospital do Salnés, actualmente integrada dentro da EOXI Pontevedra-Salnés, foi unha das primeiras en vincular, no ano 2009, 15 celadores incrementando progresivamente este número ata acadar os 26 celadores actuais, o que supón un incremento de 11 efectivos (sen diminuír o número inicial de efectivos de TCAE, de apertura da Fundación), sen prexuízo de que este número de efectivos é incrementado cando as necesidades asistenciais así o demandan, servindo como exemplo o último período da gripe deste mesmo ano.

No ano 2016, coa posta en funcionamento e a ampliación dos servizos de bloque cirúrxico, bloque obstétrico e Urgencias, prodúcese tamén un incremento proporcional de persoal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:48
Nº Rexistro: 24568
Data envío: 31/01/2018 09:48:41.712

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:48:34

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 14443**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non cubrir as prazas vacantes por xubilación do persoal médico de atención primaria na comarca de Valdeorras”**, (publicada no BOPG número 165 do 30 de agosto de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“No Centro de Saúde de Vilamarín de Valdeorras, segundo os datos de Tarxeta Sanitaria e a data 15 de setembro, o número de usuarios é de 1465 TIS sendo a dotación de recursos humanos de 2 médicos, 1 persoal de enfermería e 1 PXS.

Do total de usuarios, en torno a 273 son atendidos por outro médico dado que se atopan institucionalizados en dúas RSS situadas no propio concello, polo que contan con persoal facultativo propio.

En relación coa cobertura da praza vacante abordouse pasado o período de vacacións e será desde o 3 de outubro cando se incorporará á vacante unha facultativa.

Cómpre aclarar que, no mes de agosto, produciuse a xubilación dun dos titulares e dada a escaseza de substitutos é a inviabilidade para a cobertura da vacante optouse por organizar a cobertura asistencial mediante a modalidade de intersubstitución, tal e como se ven facendo desde hai anos sempre que se produce a ausencia dun dos facultativos, sen que ata a data supuxera ningún problema.

O horario de atención en dito centro é de 8h a 15h e conta cunha óptima dotación de persoal.

Con motivo da OPE incrementamos en dúas as prazas na Comarca de Valdeorras, en concreto unha no PAC do Barco de Valdeorras e outra no PAC de Viana do Bolo.



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:48
Nº Rexistro: 24567
Data envío: 31/01/2018 09:48:29.228

Polo tanto entendemos que se cobren correctamente as necesidades asistenciais e se utilizan os recursos de modo eficiente tendo en conta a demanda asistencial.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 3b45e699-d293-a5f2-f732-28be1d192729

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2018 09:48
Nº Rexistro: 24567
Data envío: 31/01/2018 09:48:29.228

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 31/01/2018 9:48:23



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Adxunto remito solicitude do secretario xeral de Universidades para os efectos de proceder a elección dos 4 membros que lle corresponde ao Parlamento de Galicia designar no Consello Galego de Universidades, pola expiración do período de mandato de 4 anos, establecido no Regulamento polo que se rixe o Consello Galego de Universidades.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Asinado por: GARCIA-SEÑORÁNS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Dirección Xeral
Data e hora: 22/01/2018 13:36:36

CVE: xz/K9gRPD1
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asunto: Renovación membros do Consello Galego de Universidades

O Regulamento do Consello Galego de Universidades, aprobado por Decreto 98/2014, do 17 de xullo, determina no artigo 5 a súa composición; forman parte do mesmo, entre outros, segundo apartado h)

h) Catro membros designados pola comisión do Parlamento de Galicia competente en materia universitaria, en proporción á súa representación no Pleno do Parlamento.

Por Orde do 21 de novembro de 2013, pola que se fai pública a composición do Consello Galego de Universidades, noméanse como vogais, os seguintes membros designados pola Comisión 4ª, Educación e Cultura, do Parlamento de Galicia, competente en materia universitaria:

- ✓ Senén Barro Ameneiro.
- ✓ Encarnación González Vázquez.
- ✓ José Carlos de Miguel Domínguez.
- ✓ Miguel Domingo Rodríguez Bugarín.

A duración do mandato dos membros do Consello Galego de Universidades de designación parlamentaria será de catro anos, e permanecerán en funcións dende a expiración do devandito período ata a toma de posesión dos novos membros (art.8).


Os acordos de designación dos membros elixidos polo Parlamento de Galicia seranlle comunicados á persoa titular da consellería competente en materia de universidades, quen procederá a nomealos mediante orde da súa consellería, que se publicará no Diario Oficial de Galicia e producirá efectos a partir desa data.

Por todo o exposto, e transcorridos mais de catro anos dende a última designación, solicitamos comunique ao Parlamento de Galicia, que proceda á elección dos 4 membros que lle corresponde designar no Consello Galego de Universidades, pola expiración do período de mandato establecido na mencionado Regulamento do Consello Galego de Universidades.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2018

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro



Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi s/n


15781 Santiago de compostela

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 5101 / RX 60989

Data 17/01/2018 08:34:52





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727